



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: PREZO PÚBLICO PARA O SERVIZO DE MADRUGADORES NO CEIP PLURILINGÜE SAN VICENZO

Visto o Regulamento do servizo de madrugadores aprobado polo Pleno do Concello na sesión do 27 de novembro de 2024, publicado definitivamente no BOP nº 33 do 18 de febreiro de 2025.

Visto o texto da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de madrugadores aprobada e publicada no BOP, que establece:

- Servizo todos os días da semana: 50 €/mes/usuario-a.
- Servizo con almuerzo todos os días da semana: 55 €/mes/usuario-a.
- Servizo en días soltos: 5 €/usuario-a (ata un máximo de 12 días, a partir do 13 aplicarase a tarifa mensual).

Tendo en conta que o prezo público cuxa aprobación se pretende ten como finalidade a prestación dun servizo con fins de carácter social e de interese público (art. 44.2 TRLRFL).

Considerando o disposto en canto á delegación de competencias nos artigos 23.2 b) da LBRL e 53.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais;

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar por motivos de eficacia e para este caso concreto, de acordo co artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a atribución de Alcaldía sobre establecemento de prezos públicos delegada na Xunta de Goberno Local.

Segundo.- Aprobar, de acordo coa Ordenanza reguladora e co Regulamento do servizo, as seguintes tarifas do servizo de madrugadores no CEIP Plurilingüe San Vicenzo:

- Servizo todos os días da semana: 50 €/mes/usuario-a.
- Servizo con almuerzo todos os días da semana: 55 €/mes/usuario-a.

Concello de Vimianzo

Praza do Concello, nº 6, Vimianzo. 15129 (A Coruña). Tlfno. 981716001. correo@vimianzo.gal



- Servizo en días soltos: 5 €/usuario-a (ata un máximo de 12 días, a partir do 13 aplicarase a tarifa mensual).

Terceiro.- Publicar este acordo no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo a Intervención, Tesouraría e ao departamento de Educación para os efectos oportunos.

Quinto.- Dar conta deste acordo na vindeira sesión da Xunta de Goberno Local e no Pleno do Concello.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa en Vimianzo, do que eu, secretario, dou fe.

A Alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez

O Secretario

Francisco Javier Novoa Juíz

Concello de Vimianzo

Praza do Concello, nº 6, Vimianzo. 15129 (A Coruña). Tlfno. 981716001. correo@vimianzo.gal